



## FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	<b>CELGA 4</b>
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

### DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____	Sexo:	home <input type="checkbox"/>	muller <input type="checkbox"/>	
Lugar de nacemento:	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras rexións de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
Lugar de residencia:	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
Tipo de estudos cursados:	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

### INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lean detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empreguen bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúense á tarefa que se lles pide.
- Axústense ao número de palabras que se lles pide. Valorarase negativamente que non cheguen a ese número de palabras ou que se excedan demasiado.
- Non se lles proporcionará outro caderno de exame.
- Deben empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilicen o seu nome real no texto da proba nin marquen o exame con ningún sinal (por exemplo, non usen tñpex).
- Terán que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.





# Celga

Certificado  
Lingua  
Galega

# 4








## Proba A1


Vostede colabora nun xornal local e acaban de pedirlle un artigo relacionado con vilas termais. Despois de ver esta reportaxe sobre o Balneario de Mondariz, decide redactar un **artigo de 400 palabras**, no que vostede deberá:

- Facer un percorrido pola historia do Balneario de Mondariz, falando dos seus momentos de esplendor e de decadencia.
- Expoñer as causas da súa recuperación.
- Opinar sobre os motivos do éxito actual dos balnearios e dos *spa*.
- Valorar a incidencia socioeconómica do rexurdir da cultura do termalismo actualmente.




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their response to the A1 test question.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1


A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A1 test.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the majority of the page, intended for the student to write their answers for the A1 test.





ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portion of the page, intended for the student to write their answers for the A1 test.

## Proba A2

Vostede merca un piso na costa para as súas vacacións. No contrato figura a seguinte memoria de calidades:

### MEMORIA DE CALIDADES

#### **ILLAMENTO E TABIQUERÍA**

Divisións entre cuartos con tabique de ladrillo oco dobre. División entre vivendas con fábrica de ladrillo perforado e cámara de aire.

#### **SOLADOS, ALICATADOS E FALSOS TEITOS**

Solados: Parqué flotante de madeira laminada con terminación en carballo no vestíbulo, distribuidor, cuartos e salón-comedor. Plaqueta: cerámica de gres de 1ª calidade en baños e cociña. Terrazas en gres tipo rústico antiesvarante. Alicatado: Azulexo cerámico de primeira calidade en baños e cociña con orla decorativa. Moldura de escaiola no salón-comedor e corredor.

#### **CARPINTERÍA EXTERIOR**

Carpintería exterior de aluminio lacado en cor verde con rotura de ponte térmica. Encristalamento dobre tipo Climalit. Persianas de aluminio con illamento.

#### **CARPINTERÍA INTERIOR**

Porta de entrada blindada chapada en carballo. Portas de paso plafonadas e chapadas en carballo. Portas vidreiras na cociña, salón-comedor e acceso ao corredor. Armarios chapados en madeira de carballo con portas abatibles. Interiores forrados en melamina.

#### **CALEFACCIÓN E FONTANERÍA**

Calefacción e auga quente sanitaria individual por caldeira estanca de gas natural. Radiadores de aluminio. Radiadores toalleiros de aceiro nos baños.

#### **SANITARIOS E BILLAME**

Sanitarios de primeira marca. Bañeira de hidromasaxe de primeira marca. Billame de primeira marca: monomando en lavabos e bidés e termostático en bañeiras e duchas.

#### **ELECTRICIDADE**

Focos halóxenos nos corredores. Interruptores con regulador de intensidade no salón-comedor e nas cabeceiras do cuarto principal.

#### **TELEVISIÓN E TELEFONÍA**

Antena parabólica e UHF, VHF-FM. Preinstalación para televisión vía satélite e por cabo. Toma de antena e teléfono en todos os cuartos, salón-comedor e cociña.

#### **PINTURAS**

Pintura plástica lisa en cores suaves no interior da vivenda. Pintura pétreo en escaleiras. Pintura plástica en garaxes, rochos e resto de zonas comúns.



### **PORTAIS E GARAXES**

Portais solados de pedra natural de primeira calidade, espello decorativo, resto de paredes pintadas, segundo deseño da Dirección Facultativa. Chanzos de escaleira en pedra natural. Interruptores de presenza en vestíbulos de escaleiras e garaxes.

### **OUTRAS INSTALACIÓNS**

Vídeo porteiro con receptor instalado na cociña. Ascensor para oito persoas, con portas automáticas en aceiro inoxidable. Preinstalación de alarma.

Dado que polo momento non se pode desprazar a velo, pídelles a un amigo que vive na zona que se achegue por alí botar unha ollada e que lle conte que lle pareceu a obra rematada. Recibe do seu amigo a seguinte mensaxe electrónica.

Moi boas meu,

As chaves que me mandaches por correo chegaron hai uns días e, en canto puiden, fun ver o piso tal e como me pedías. A ver, non todo está ben e hai algunhas cousas que quizais non che guste oír, pero en xeral o piso está fantástico. Non me enviaches a memoria de calidades, ou sexa que non sei se algunha cousa que a min me chamou a atención estaba pactada que fose así ou non. En fin, cóntoche e despois ti decides que facer:

O edificio dende fóra ten moi boa pinta, de pedra e cunha fachada atractiva. Pero ao entrar no portal as cousas cambian. Non fun quen de atopar as caixas do correo por ningures, aínda que quizais sexa algo que vaian instalar máis tarde. As escaleiras están ben, resultan luminosas sobre todo porque empregaron para facelas un gres de cor moi clara. O ascensor funciona ben, un pouco pequeno se cadra (capacidade máxima 4 persoas), e con manchas de ferruxe nas portas, o cal é estraño e unha pena nun aparello novo.

O piso é amplo, cunhas fantásticas vistas ao mar. Os armarios teñen unhas portas preciosas, a xogo coas da vivenda, e corredizas, que así aforran espazo, pero vaiche custar unha pasta forralos meu, xa que dentro non hai nada feito. A verdade é que estaba bastante escuro porque só deixaron de obra unha lámpada no corredor e máis nos baños, as demais terás que poñelas ti. Menos mal que dei aberto as persianas e a luz natural permitíume ver ben, xa que é unha vivenda moi luminosa. Eu poñería algunha porta de cristal ou con vidros, xa que son todas opacas e cómpre telas abertas para que a luz natural ilumine o resto da vivenda. Os acabados parecen de boa calidade e a pintura das paredes, de cores harmoniosas e suaves, pareceume moi atinada. Non esquecín ao marchar deixar baixadas as enormes persianas de PVC verde para que o sol non queimase o parqué.

A cociña está sen amoblar, e xa sabes que iso custa bastante, ademais é imprescindible para vivir. Os baños teñen boa pinta, e nun deles hai unha bañeira de hidromasaxe ben grande. Sorprendeume que as billas non fosen do tipo monomando, que hoxe é o máis habitual, pero as que puxeron son moi xeitosas.

A terraza ten unhas vistas inmejorables sobre a praia e o mar, e o chan en madeira tropical dura dálle un aire moi señorial. Non obstante, o garaxe non me gustou nada. É escuro coma boca de lobo e custoume un montón dar co interruptor que acendía as luces. A praza que che corresponde é, como sempre, cativa e con columna onde rozar o coche: vai con coidado!



E isto é todo. Espero que poidas vir pronto por aquí e comezar a gozar da túa vivenda nestas vindeiras vacacións. Xa nos veremos.

Unha aperta, meu.

Á vista de que hai datos que son contraditorios entre a memoria de calidades e a descrición do seu amigo, vostede infórmase sobre o incumprimento dos extremos recollidos na memoria por parte do promotor no seguinte documento:

### **INCUMPRIMENTOS NA MEMORIA DE CALIDADES**

A memoria de calidades está considerada un dos principais instrumentos de garantía para aqueles que adquiren unha vivenda sobre plano. Unha situación que leva consigo para o comprador un grave risco ao descoñecer o resultado final da obra. Neste sentido, a lei obriga ao promotor a entregar unha copia gratuíta, que inclúa todos os materiais técnicos que se van utilizar, tanto aos que se interesen polas características dos pisos coma aos que se decidan a adquirilos. Resulta, ademais, de obrigado cumprimento para o construtor, que só pode substituír os materiais indicados co consentimento expreso do titular da vivenda. Comprobe, unha vez finalizada a obra, que o resultado final se axusta ao acordado na memoria.


De non ser así saiba que está no seu dereito de reclamar, sobre todo tendo en conta que a memoria de calidades, ao formar parte do contrato, é de obrigado cumprimento para o promotor, que só pode substituír uns materiais por outros co consentimento expreso do propietario do piso. Se malia todo se producisen alteracións no estipulado na memoria de calidades, pode reclamar e esixir o pactado. De todos os xeitos, ese tipo de esixencias só se pode facer ante os tribunais cando se entregue a vivenda e os materiais empregados non se correspondan cos acordados.

Adaptado de *Consumer.es*




Finalmente decide escribirle unha **carta formal de reclamación** a Consumo. Nesta carta, de **400 palabras**, vostede deberá:

- Expoñer o seu caso sinalando as discrepancias entre o pactado na memoria e o finalmente construído.
- Mostrar estrañeza e indignación polo resultado da construción.
- Expor os dereitos e deberes recollidos no documento “Incumprimentos na memoria de calidades”.
- Explicar o tipo de compensación que se reclama e advertir da posibilidade de tomar medidas legais.




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their response to the A2 test question.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2


A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their response to the A2 test question.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portion of the page, intended for the student to write their answers for the A2 exam.





ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border occupies the central and lower portion of the page, intended for the student to write their response to the A2 test question.